

The background of the slide features a night scene of the Parthenon on the Acropolis in Athens. The temple is illuminated by warm lights, and a large, bright full moon is visible in the dark sky behind it. The overall tone is historical and atmospheric.

XEOGRAFÍA DA GRECIA ANTIGA



Como resultado de varias migracións, os gregos ocuparon o sur da Península dos Balcáns, así como illas e costas. Máis adiante, estenderon a súa influencia, mediante a fundación de colonias, a Italia, Sicilia e outros puntos do Mediterráneo.

Distinguimos cinco zonas: GRECIA CONTINENTAL, PELOPONESO (GRECIA MERIDIONAL), GRECIA INSULAR, ASIA MENOR e GRECIA COLONIAL. Cada unha delas está dividida en varias rexións. Os nomes que toma o Mediterráneo nestas áreas son os de Mar Xónico e Mar Exeo

GRECIA

CONTINENTAL:

REXIÓN E LUGARES



Macedonia ➤ **Pella**

Épiro ➤ **Dodona**

Tesalia ➤ **Mt. Olimpo**

Beocia ➤ **Tebas**

Ática ➤ **Atenas**



PELOPONESO: REXIÓN E LUGARES



Élide ➤ Olimpia

Arcadia ➤ Mantinea

Argólide ➤ Argos
Micenas

Laconia ➤ Esparta



Istmo de Corinto ➤ Corinto & Mégara

GRECIA INSULAR: ARQUIPÉLAGOS E ILLAS

Cícladas ➤ **Naxos
Paros
Delos
Tera**

Xónicas ➤ **Ítaca**

Dodecaneso ➤ **Rodas**

Outras illas ➤ **Eubea, Creta, Quíos, Lesbos, Samos**



ASIA MENOR: CIDADES




➤ Mitilene

➤ Éfeso

➤ Mileto

➤ Halicarnaso







Entre os séculos VIII-VI a.C. (e mesmo despois), moitas *polis* gregas estableceron colonias en toda a costa do Mediterráneo e o Mar Negro

Siracusa Tarento Síbaris Cirene Náucratis

A fundación de colonias foi da man dunha grande actividade exploradora, que levou a algúns gregos a lugares tan distantes entre si como Escandinavia, a India ou as estepas rusas. Mesmo é posible, aínda que non está comprobado, que un deles circunnavegase África





No derradeiro terzo do s. III a.C. Alexandre Magno realizou unha enorme expedición de conquista que o levou ata Exipto, Persia, a India... Durante eses anos fundou varias cidades co seu nome. A máis importante e famosa delas foi a **Alexandría situada no delta do Nilo**

Logo da morte de Alexandre, as súas conquistas fragmentáronse en diferentes reinos, aínda que a influencia cultural grega neles foi moi intensa: por iso son denominados **REINOS HELENÍSTICOS**






O poderío económico e militar dos gregos foi decaendo, ata que no s. II a.C. Grecia se converteu nunha provincia máis do Imperio Romano. Conservou o seu enorme prestixio cultural, que Roma respectou e contribuíu a difundir

Logo da caída do Imperio Romano de Occidente (s. V d.C.), os territorios ó leste de Italia formaron o que coñecemos como Imperio Bizantino. A súa extensión aumentou nun primeiro momento, mais logo foi cedendo ante a presión doutras potencias. Finalmente, os turcos otománs remataron cos derradeiros restos ó tomar Constantinopla en 1453





Assí, Grecia foi parte do Imperio Otomán ata o ano 1831, en que conseguiu a súa independencia despois dunha guerra de 10 anos, na que foi apoiada por Rusia, o Reino Unido e Francia